

**25.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE XUÑO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

*Neste intre non esta presente a Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus, a cal se incorporou á sesión ó comezo do punto núm.9.*

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 24/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE XUÑO DE 2016.**

Acordouse a aprobación da acta núm. 24/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de estrutura metálica para cubrir unha fosa de xurro, en Pontenoufe, A Xesta, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 03/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 211,51 euros.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA**

para ampliación de cortes de vacún, existentes nunha parcela sita en Midón, Barcia, Lalín.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.**

**3.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a substitución da carpintería de aluminio na residencia Nosa Señora das Dores, sita na rúa D, 17 - Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/06/16 por importe de de 61,22 euros.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**4.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para uso de fosa de xurro en Pareizo, Goiás, Lalín.

### **5.- INFORME PREVIO.**

**5.1.-** Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 25 de maio de 2016, emitido trala petición formulada por AUGAS DE GALICIA na que solicita informe preceptivo previo para concesión dun caudal de auga procedente dun manancial situado no lugar de Torguedo, Catasós, Lalín.

### **6.- INFORME URBANÍSTICO.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal** de data 3 de xuño de 2016, unha vez examinada a petición formulada por interesado no que solicita certificado de non ter traída municipal de auga en Toimil, Galegos, Lalín.

### **7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**7.1.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILANOVA, MACEIRA, GOIÁS, VILATUXE E ZOBRA (PPOS/2016)” mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación por un importe total de 77.853,34 €; aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente xunto co Proxecto Técnico denominado “Conservación dos camiños municipais en Vilanova, Maceira, Goiás, Vilatuxe e Zobra”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de marzo de 2016, autorizar o gasto por importe máximo de 77.853,34 € (IVE incluído), e iniciar os trámites para adxudicar o contrato e publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

**7.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.600,75 € (IVE incluído), con destino á **subministración e instalación de luminarias na rúa B**, con suxeición ao réxime dos contratos menores e para cumprir coa finalidade da subvención outorgada para “Substitución de luminarias na rúa B (Lalín)” con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016), e **contratar con ELECTRICIDAD FEMÁN, S.L subministración e instalación de luminarias na rúa B**, Lalín, polo importe de 12.600,75 € (IVE incluído), con arranxo ao orzamento presentado pola citada empresa.

**7.3.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.687,05 € (IVE incluído) e **contratar coa empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.,a realización das obras de acondicionamento da superficie do aparcamento sito en Outeiro -Lalin de Arriba** con arranxo ao orzamento remitido pola citada entidade mercantil, polo importe total de 5.687,05 € (IVE incluído).

**7.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.433,27 € (IVE incluído), con destino á subministración de dous cabezais para acoplar ás desbrozadoras de maleza e unha trituradora para a Brigada Municipal de Obras e Servizos, e **contratar con MAXIDEZA S.L, a subministración de dous cabezais para acoplar ás desbrozadoras de maleza e unha trituradora para a Brigada de Obras e Servizos** polo importe de 20.433,27€ (IVE incluído).

**7.5.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado “REHABILITACIÓN E SANEADO DA RONDA ESTE-NORTE (TRAMO AV/ORENSE-EP6009) (PPOS/2015)”, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 247.355,37 €, máis a partida de 51.944,63 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución dun (1) mes; aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente xunto co Proxecto Técnico denominado Rehabilitación, Saneado e Reforzo do Firme da Ronda Norte-Este (Lalín), redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal; autorizar o

gasto por importe de 247.355,37 € máis a partida de 51.944,63€ correspondente ao IVE, con cargo á aplicación orzamentaria núm. 153.2.619.28 do vixente Presuposto Municipal e iniciar os trámites para adxudicar o contrato e publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

## **8.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**8.1.-** Acordouse **aprobar a certificación de obra** núm. 1 e final da obra “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL NO ESTADIO MANUEL A. CORTIZO E ACONDICIONAMENTO DE PISTAS CUBERTAS NO LALIN ARENA” cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 52.096,83 €.

*Neste intre incorpórase a sesión a Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus.*

## **9.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**9.1.-** Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación de Cabaleiros do Deza para a celebración da XXVIIIª FEIRA DO CABALO**, que consta de nove cláusulas.

## **10.- FACTURAS E CONTAS.**

**10.1.-** Proceder a **aprobación das relacións de facturas e recoñecer a obriga** por un importe total de 115.120,34 €, (Relacións nº 00074: 73.852,52, nº 00075: 41.085,41 e nº 00076: 182,41 €), e reclamar a Espina & Delfín, S.L, o importe de 182,41 € correspondente á relación nº 00076: 182,41 €. Así como requerirle o cambio de titular contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

## **11.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**11.1.-** Acordouse aprobar a liquidación, recoñecer a obriga, ordenar o ingreso do importe de 42.036,67 € en relación **Á EXECUCIÓN DE SENTENZAS XUDICIAIS FIRMES** DITADAS EN RELACIÓN COA DEFICIENTE EXECUCIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA AR-23 “Pena Coba”.

**11.2.-** Acordouse a **renovación da tarxeta de estacionamento** para

persoas con minusvalía número 05/2014 por un período de 6 meses a contar dende a data de caducidade da tarxeta anterior.

**11.3.-** Acordouse **conceder a tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía co número 12/2016.

**11.4.-** Acordouse **solicitar ao ADIF a CESIÓN GRATUÍTA** ao Concello de Lalín do USO das parcelas coas referencias catastrais números 36024A1860005740000BQ e 36024A186005750000BP, sitas en O Campo, Lalín (Pontevedra).

**11.5.-** Acordouse **desestimar o recurso de nulidade da liquidación efectuada en concepto de Prezo Público pola utilización do Complexo Deportivo Municipal Lalín Arena**, durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015 por importe de 630,50 €.

**11.6.-** Aprobouse a **resolución definitiva de concesión de subvencións** a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais e desestimouse a solicitude de axuda presentada pola Fundación de Amigos de Galicia ao non ter presentado en prazo a documentación que lle foi requirida para cumprir as bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos Servizos Sociais.

**11.7.-** Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 220 €.

**11.8.-** Acordouse autorizar o gasto por importe de 1.000 euros con motivo da celebración de diversas **actividades culturais que a Coral Polifónica de Lalín** para a celebración de varios concertos en diferentes lugares e actos do municipio.

**11.9.-** Acordouse **aprobar as Bases para a selección de persoal laboral temporal:** Contratación de 2 socorristas ao abeiro do programa de fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2016.

**11.10.-** Acordouse **conceder autorización municipal** á Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para a realización de traballos encamiñados a mellorar as infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello de Lalín.

## **12.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**12.1.-** Acordouse **corrixir o erro** do acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de xuño de 2016.

## **13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**13.1.-** Acordouse **conceder autorizar municipal** para o uso do pavillón do Colexio Xesús Golmar para o día 15 de xuño de 2016, en horario de 18:00 horas a 20:00 horas, para a celebración dun festival de ximnasia rítmica e patinaxe do curso 2015/2016, tralo pago das taxas correspondentes.

**13.2.-**Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso de 120 metros cadrados de terreo público na Praza da Igrexa de Lalín os vindeiros días 17, 18 e 19 de xuño de 2016, para a celebración dunha Feira de produtos ecolóxicos, e aprobar a taxa por ocupación dominio público feira de produtos ecolóxicos polo importe de 1.883,04 euros.

**13.3.-**Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso dunha aula no Auditorio de Lalín para impartir un curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (nivel básico 25 horas) para o luns 27 de xuño ata o venres 1 de xullo de 2016 en horario de tarde (16:00 horas ás 21:00 horas).

**13.4.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para cortar a rúa de Vilariño, poñer unhas carpas e poder facer a tradicional Sardiñada de San Xoán, o día 23 de xuño pola tarde ata o día 24 de xuño, pedindo colaboración ao Concello de Lalín para que se lle faciliten valados e unhas sinais a colocar na zona cortada.

**13.5.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o peche da rúa Memorias dun neno labrego e a súa prohibición de aparcarse nun tramo da rúa, con motivo da celebración da Festa de San Xoán o día 25 de xuño de 2016 (sábado), pechando a rúa dende as 15:00 horas ata as 4:00 horas da madrugada. Solicita tamen a debida sinalización de prohibido aparcarse no trato dende a Praza da Marina ata a curva do antigo colexio.

**13.6.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para dispoñer o vindeiro día 25 de xuño de 2016 (sábado) da explanada diante do Auditorio de Lalín, para a celebración da IIIª Romaría do Socio da banda de Lalín.

**13.7.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a realización dunha reportaxe fotográfica coa súa filla a cargo de Bernabé o día 30 de xuño de 2016, ás 19:00 horas no Pazo de Liñares.

**13.8.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a entrega dunha copia da RPT (documento completo).

**13.9.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega dunha copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.10.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega de copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.11.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega de copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.12.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega de copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.13.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega de copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.14.-** Acordouse **conceder autorización** para a entrega de copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.15.-** Acordouse **conceder autorización** para a copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.16.-** Acordouse **conceder autorización** para a copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.17.-** Acordouse **conceder autorización** para a copia de todos os documentos incluídos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín relativos ao seu posto de traballo.

**13.18.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso dunha aula no Auditorio Municipal para reunións puntuais de dita asociación mentras non se habilite unha propia no Colexio.

**13.19.-** Deuse conta do escrito remitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Servizo de Programación e contratación centros de data 13 de maio de 2016, co que achegan Resolución sobre a petición formulada polo ANPA “O Patio de Loriga” para o uso das instalacións (aulas de educación infantil e pavillón) do CEIP Xoaquín Loriga de Prado.

**13.20.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo de 12 alumnos e 4 profesores o domingo día 26 de xuño de 2016.

**13.21.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo de 80 personas, chegando o día 26 de xullo de 2016 as 14:00 horas e saíndo o día seguinte 27 de xullo de 2016.

**13.22.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo de 30 personas, o día 3 de agosto de 2016.

**13.23.-** Acordouse **desestimar a petición** na que solicitan o uso do Lalín Arena para o día 22 de xuño de 2016, en horario de 18:00 horas a 20:00 horas, para a celebración do campionato final de curso de fútbol sala, por non poderse ceder o Lalín Arena nesa data e para esa actividade.

-----